

Unidade 9. A raíña está maliña

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Vai o Xanzolas e pon un negocio ruinoso: o de ir vender camións ao mesmo país das formigas.

Desta volta deu en facer por toda a contorna campaña publicitaria con mancheas de carteis que falaban mil marabillas do transporte de rodas.

Máis a nada que o pensedes, habedes descubrir que as laboriosas formigas non paran de ir e vir cargadas con frangullíñas de pan, con grans de trigo ou de arroz, e con migas de queixo... Con máis labor do que queren, para que ían precisar un atasco de camións nos carreiros da súa casa estorbando as formacións.



Jaume CELA

1. Que transportes de rodas coñeces? Escribe o nome de tres.

Unidade 9. A raíña está maliña

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2. Contesta.

• Que fixo Xanzolas por toda a contorna? _____

• Para que cres que o fixo? _____

3. Como sería o cartel publicitario? Deséñao.



4. Que problemas teñen os camións para as formigas?

5. Que negocio montarías ti no país das formigas? Por que?

Unidade 9. A raíña está maliña

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

6. Relaciona.

cantaba		saltaron
escoito	agora	corta
lembras	onxe	cociñaron
choveu		abrides

7. Rodea os verbos en presente de vermello e de azul os que estean en pasado.

Hoxe é o aniversario da miña avoa. Cando espertei fun felicitala cun bico. A miña nai fixo unha comida especial e invitou aos meus tíos, pero aínda non chegaron.

8. Completa.

	presente	pasado
vender	vendo	vendín
colorear		
beber		
traballar		
nadar		

Unidade 9. A raíña está maliña

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

9. Marca a opción correcta e escribe unha oración con ela.

figeira

figueira

guitarra

gitarra

- _____
- _____

10. Completa con x ou ll e escribe unha oración con cada parella.


• espe__o / a__enda

• to__o / agu__a

• mo__ado / esto__o

11. Busca os nomes dos debuxos na sopa de letras e escríbeos.

M	M	E	X	I	L	L	O	N
A	K	L	A	U	M	R	T	I
N	S	D	B	K	G	H	T	O
G	I	C	A	O	S	T	A	L
U	L	I	R	M	Z	R	E	P
E	G	A	I	V	O	T	A	Z
I	U	T	L	B	L	N	O	L
R	M	C	E	L	L	A	R	Z
A	Z	X	C	T	O	R	H	X



Unidade 9. A raíña maliña

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

12. Completa a táboa segundo o exemplo.

panadería	panadeiro		carniceiro
	pasteleiro	leitería	
froitería		botica	
peixería			farmacéutico

13. Completa coas palabras.

porto xurelos peixeira barco peixe lonxa pescador

Alberte é _____. Ten un _____ e sae con el todas as tardiñas a pescar pola ría. Acostuma pescar: robalizas, _____, sardiñas e algún que outro congro. Cando chega ao _____, no peirao, espera a súa muller para recoller o _____. Ela é _____. e véndeo na _____.

14. Contesta segundo o texto.

- A profesión de Alberte é _____.
- A profesión da súa muller é _____.

15. Completa con vogais e fai unha oración con sentido.

N _____ ll _____ h _____ n _____ f _____ r _____
